

# **ORDENANZA REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓNS DO SUBSOLO, SOLO E VOO DA VÍA PÚBLICA.**

## **Artigo 1º- CONCEPTO.**

De conformidade co que se prevé nos artigos do 15 ó 19, 20 e 24.1 da *Lei 39/1988*, do 28 de decembro, *reguladora das facendas locais*, e no uso das facultades que se confiren polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo art. 106 da *Lei 7/85*, este concello establece a taxa por utilizacións privativas ou aproveitamentos especiais do subsolo, solo e voo da vía pública, que se rexerá pola presente ordenanza.

## **Artigo 2º- FEITO IMPOÑIBLE.**

1- Constitúe o feito imponible da taxa a utilización privativa ou o aproveitamento especial do dominio público municipal polos conceptos que se sinalan no artigo primeiro.

## **Artigo 3º- SUXEITOS PASIVOS.**

1- Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades ás que se refire o artigo 33 da *Lei xeral tributaria*, que disfruten ou aproveiten especialmente o dominio público municipal en beneficio particular, segundo algún dos supostos que se citan no artigo 2º, ou quen se beneficie do aproveitamento, se se efectuou sen a preceptiva autorización.

## **Artigo 4º- RESPONSABLES.**

1- Responderán, solidariamente, das obrigas tributarias do suxeito pasivo as persoas físicas ou xurídicas ás que se refiren os artigos 38.1 e 39 da *Lei xeral tributaria*.

2- Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e entidades en xeral, nos supostos e co alcance que sinala o artigo 40 da *Lei xeral tributaria*.

### **Artigo 5º- COTA TRIBUTARIA.**

1- A contía da taxa pública reguladora nesta ordenanza será a que se fixa no apartado seguinte.

2- Para as empresas explotadoras de servizos de subministros que afecten á xeneralidade ou a unha parte importante da veciñanza, a contía da taxa pública regulada nesta ordenanza consistirá, en todo caso e sen ningunha excepción, no 1,5% dos ingresos brutos que proceden da facturación que obteñan anualmente neste termo municipal as devanditas empresas. Para estes efectos, entenderanse por ingresos brutos os que procedan da facturación anual das correspondentes empresas neste municipio. Os ingresos serán trimestrais.

3- A contía desta taxa pública que puidese corresponder a *Telefónica de España SA*, está englobada na compensación en metálico de periodicidade anual a que se refire o apartado 1 do artigo 4º da *Lei 15/1987*, do 30 de xullo (disposición adicional 8ª da *Lei 39/1988*, do 28 de decembro).

### **Artigo 6º- NORMAS DE XESTIÓN.**

Sen prexuízo das facultades de inspección de que poida facer uso o concello, os suxeitos que están obrigados a pagar a taxa presentaran a declaración, con periodicidade trimestral, do importe dos ingresos brutos obtidos no termo municipal polos subministros que se facturen.

Incluíndo, ademais, na correspondente ó 1º trimestre presentaranse no 2º mes do trimestre seguinte a que se refira a declaración. Efectuándose os ingresos, simultaneamente, coa presentación da declaración.

O concello pode utilizar outros procedementos para a efectividade da taxa, tales como compensación, etc. ademais da utilización do procedemento de constrinximento, cando proceda.

### **Artigo 7º- EXECCIONES E BONIFICACIONES.**

Non se contemplan na presente ordenanza.

**Artigo 8º- OBRIÑA DE PAGAMENTO.**

No que non se prevé na presente ordenanza, aterase ó que se dispón na *Lei xeral tributaria*.

**DISPOSICIÓN DERRADEIRA.**

A presente ordenanza, que aprobou o Pleno do 27/11/1998, entrará en vigor unha vez publicada no *Boletín Oficial da Provincia*, comezará a aplicarse a partir do 01/01/1999, e permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.